| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Desenvolvemento e Globalización** | | | | |
| Materia | Desenvolvemento e Globalización | | | |
| Código | V03M114V01206 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Dpto. Externo<br>Historia, arte e xeografía<br>Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía | | | |
| Coordinador/a | Cordal Rodríguez, Constantino | | | |
| Profesorado | Barbosa de Almeida Felizes, Joel Augusto<br>Cordal Rodríguez, Constantino | | | |
| Correo-e | tinocordal@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A Unidade Curricular de Desenvolvemento e Globalización, tendo como referencial teórico de partida o campo da Socioloxia do Desenvolvemento procura, nun primeiro momento, fornecer unha visión xeral das transformacións das sociedades (sobretodo) contemporáneas, dando particular énfase às diverxencias patentes na interpretación do sentido desas transformacións. Correlativamente a aquelas cuestións, imponse a análise dalgunhas das respostas que as administracións públicas (e outras entidades) teñen procurado dar a estes problemas, sexa ao nivel da articulación entre políticas e axentes a escala internacional, nacional, rexional e local, sexa no ámbito dalgunhas medidas concretas de planeamento e desenvolvemento, como as que decorren da necesidade de intervir a favor da melloría do ambiente e da utilización regrada dos recursos naturais ou as que procuran intervir no campo do urbanismo ou do espazo rural. | | | |

| Competencias | |
|---|---|
| Código | |
| A4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades. |
| B1 | Ter adquirido coñecementos avanzados e ter demostrado, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo nun ou máis campos de estudo. |
| B3 | Ser capaces de predecir e controlar a evolución de situacións complexas a través do desenvolvemento de novas e innovadoras metodoloxías de traballo adaptadas ao ámbito científico/investigador, tecnolóxico ou profesional concreto, en xeral multidisciplinar, no que desenvolve a súa actividade. |

| Resultados de aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
| Demostrar competencias metodolóxicas de análise e de intervención no marco das políticas comunitarias e da cooperación territorial (e.g. axendas, actores, directrices); | A4<br>B3 |
| Adquirir capacidades de diagnóstico e intervención no ámbito do planeamento, da monitorización ambiental e da implicación dos axentes en políticas de desenvolvemento. | A4<br>B1<br>B3 |
| Comprender a complexidade dos procesos da globalización, sobretodo na vertente da sustentabilidade dos modelos de desenvolvemento dominantes | A4<br>B1<br>B3 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. O desenvolvemento, o territorio e a globalización: retrospectiva histórica, cuestións centrais e metodoloxías de análise | - En torno dos conceptos: o territorio como espazo politicamente construído; o renovado debate en torno do desenvolvemento no contexto da globalización; unha nova consciencia: o desenvolvemento sustentable.<br>- O desenvolvemento e as súas diferentes abordaxes (a teoria da modernización como perspectiva ortodoxa do desenvolvemento; a teoria estruturalista e a necesidade dunha análise histórico-estrutural das economías dos países en desenvolvemento; a teoria neomarxista e a visión do subdesenvolvemento como un elemento central no propio funcionamento do sistema capitalista; a teoria neoliberal e a aposta polo mercado como axente central do desenvolvemento; as teorias alternativas e a perspectiva da erradicación da pobreza como esencial para o desenvolvemento; a adopción dun concepto multidimensional de desenvolvemento). |
| 2. O desenvolvemento visto a partir das dinámicas locais | - O paradigma teórico territorialista.<br>- O planeamento e o ordenamento do territorio desde a óptica das institucións e dos axentes implicados.<br>- O contexto de actuación dos diferentes poderes (central, rexional, local e poderes difusos). A (deficiente?) articulación entre os planos locais e os planos rexionais e nacionais de desenvolvemento: o caso portugués a debate.<br>- Algúns exemplos das tentativas de promoción do desenvolvemento en territorios deprimidos: as apostas polas economías locais, polo patrimonio, pola paisaxe e polo turismo. |
| 3. A sustentabilidade dos modelos dominantes de desenvolvemento | - A causa ecoloxista: xénese dun novo movimento social. Os problemas ambientais, as alteracións climáticas e as ameazas à biodiversidade. As estratexias de acción desde a década de 1970.<br>- As variantes da idea de sustentabilidade: da manutención suavizada do modelo capitalista às propostas máis radicais.<br>- A tentativa de aplicación de novos indicadores para dar conta do problema da degradación do capital natural: como ir alén da utilización do PIB? |
| 4. As dinámicas, os conceptos e os indicadores da globalización | - Globalizacións na esfera económica, política e cultural.<br>- Escenarios da globalización: do debate acerca da súa xénese ao debate acerca do seu futuro.<br>- O desenvolvemento local e rexional no marco da globalización: que modelos, que perspectivas? |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 26 | 50 | 76 |
| Sesión maxistral | 26 | 30 | 56 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 2 | 16 | 18 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Formulación, análise, resolución e debate de problemas ou exercicios relacionados coa temática da materia. |
| Sesión maxistral | Exposición dos contidos da materia |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | O alumnado recibirá as orientacións precisas para poder resolver con proveito os problemas e exercicios propostos. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | O alumnado deberá resolver os problemas e exercicios propostos, coas orientacións necesarias. | 60% | |

| | | |
|---|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | O alumnado deberá resolver os problemas e exercicios propostos. | 40% |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Na segunda convocatoria o alumnado deberá emendar, completar ou modificar os exercicios e/ou problemas propostos na primeira ou realizar outros novos.

## Bibliografía. Fontes de información

FERRERO, Gabriel, **De los proyectos de cooperación a los procesos de desarrollo**, Universidad Politécnica de Valencia, Doctorado,

JONES, Phillip, **Education, Poverty and the World Bank**, Sense Publishers, Roterdam,

MARQUES, Teresa Sá, **Portugal na transição do século: Retratos e dinâmicas territoriais**, Afrontamento, Porto,

SANTOS, Boaventura de Sousa (coord.), **Globalização. Fatalidade ou Utopia?**, Afrontamento, Porto,

CAVALCANTE, Luiz, **"Produção Teórica em Economia Regional: Uma Proposta de Sistematização"**, Revista brasileira de estudos regionais e urbanos, v. 02, p. 9-32,

## Recomendacións